

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE 4º CURSO DE PRIMARIA

MATEMÁTICAS

- Analiza, comprende e resolve problemas revisando os resultados e comprobando as distintas solucións.
- Le, escribe e ordena números ata a decena de millón e fai series ascendentes e descendentes.
- Aproxima números á decena, centena, millar e decena de millar.
- Descompón compón e redondea números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das cifras.
- Realiza operacións con fraccións de igual denominador (sumas e restas) e con números decimais na resolución de problemas.
- Emprega a suma, resta, multiplicación e división (de ata dúas cifras) con distintos tipos de números, en resolución de problemas e en situacións cotiás.
- Identifica as unidades do sistema métrico decimal: lonxitude, capacidade, masa ou peso, empregándoas para medir con diferentes instrumentos, elixindo a unidade máis axeitada.
- Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa, en forma simple e compara e ordena as medidas dunha mesma magnitude.
- Expresa en forma simple distintas medicións dadas en forma complexa.
- Resolve problemas da vida real utilizando as unidades de medida e as medidas temporais máis usuais.
- Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.
- Clasifica triángulos e cuadriláteros atendendo aos seus lados e ángulos.
- Utiliza instrumentos de debuxo para a construción de formas xeométricas.
- Coñece os elementos básicos da circunferencia e círculo.
- Describe unha representación espacial (esbozo dun itinerario, plano dunha pista...) tomando como referencia obxectos familiares.
- Resolve problemas xeométricos que indiquen dominio dos contidos traballados.
- Constrúe táboas e gráficas con datos recollidos de situacións do seu contorno e interpreta outras gráficas de táboas extraendo a información explícita.

LINGUA GALEGA E CASTELÁ

- Emprega a linguaxe oral para comunicarse e aprender e participa, respectando as normas, en situacións de comunicación na aula.
- Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.
- Comprende de forma global a información de textos orais e escritos, selecciona as ideas principais e responde preguntas de noticias, contos...
- Utiliza de xeito guiado os medios as TICs para obter información.
- Memoriza e reproduce de memoria textos sinxelos: contos, cancións, adiviñas... e interpreta diferentes personaxes con xestos definitorios.
- Le en voz alta e en silencio, sen dificultade, diferentes tipos de textos.
- Resume, respondendo a preguntas, diversos tipos de textos, identificando as palabras e as ideas clave.
- Iníciase na utilización do dicionario de papel ou dixital, con certa autonomía.
- Escribe textos sinxelos con axuda: noticias, contos, narracións, anuncios, receitas...
- Respecta e utiliza con corrección as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel.
- Presenta os seus traballos con ortografía clara e limpeza.
- Elabora, de forma guiada, gráficas sinxelas, carteis publicitarios, anuncios, cómics...
- Recoñece e identifica as categorías gramaticais básicas.
- Utiliza con corrección os tempos verbais.
- Diferencia familia de palabras.
- Utiliza palabras sinónimas, antónimas, polisémicas...
- Utiliza prefixos e sufixos para crear palabras derivadas.
- Recoñece a oración simple e distingue nela o suxeito e o predicado.
- Aplica as normas de concordancia.
- Aplica, con axuda, as normas de acentuación e os signos de puntuación correctamente.
- Valora os recursos literarios de tradición oral: poemas, cancións, refráns, adiviñas, contos...
- Crea, con axuda, sinxelos textos literarios a partir de pautas

VALORES CÍVICOS E SOCIAIS

- Identifica e expresa adecuadamente os seus estados emocionais.
- Actúa valorando as consecuencias das acción e valora o erro como factor de aprendizaxe.
- Desenvolve actitudes de respecto e solidariedade cara aos demais.
- Comunícase de modo tranquilo e agradable cando dialoga en clase, argumentando as súas ideas.
- Mantén unha actitude positiva ante os contratempos durante a realización das tarefas.
- Responde de forma reflexiva sobre o tema que se trata.
- Responde con tranquilidade a reaccións inesperadas dos seus compañeiros.
- Entende que hai máis dunha forma de resolver os problemas e emprega o pensamento creativo para encontrar solucións a conflitos.
- Utiliza correctamente a dicción, o ton e a actitude corporal en exposicións orais.
- Consegue a aceptación dos compañeiros e forma parte activa nas dinámicas de grupo.
- Comprende e expón oralmente a importancia de que todos os nenos e nenas reciban axuda.

CIENCIAS DA NATUREZA

- Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.
- Recoñece a importancia dos sentidos para a relación co medio e as formas de coidalos.
- Clasifica alimentos, diferencia entre dieta equilibrada e non equilibrada e elabora un menú saudable na escola.
- Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e alimentación sa e recoñece algúns factores que producen as enfermidades habituais.
- Identifica os distintos hábitats dos seres vivos.
- Identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.
- Identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno e clasifícaaas, con criterio científico.
- Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e explícaaas empregando diferentes soportes.
- Coñece algunhas fontes de enerxía, os seus usos e a súa intervención na vida cotiá e emprega actitudes responsables de aforro enerxético e de recollida de rsiduos na escola.
- Coñece algunhas características e propiedades do aire.
- Explica o comportamento de certos corpos diante da luz.
- Compara densidades de diferentes substancias que emprega diariamente respecto á auga.
- Identifica e prepara algunhas mesturas de uso cotián e separa os seus componentes.
- Coñece e emprega obxectos e máquinas sinxelas de uso cotián na escola analizando o seu funcionamento e a enerxía que empregan.
- Identifica oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan e aplica os coñecementos ao deseño e á construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo.

CIENCIAS SOCIAIS

- Coñece e define a formación da Litosfera e a dinámica das placas tectónicas e as súas consecuencias.
- Recoñece as distintas formas de representación da Terra: planos, mapas, planisferios e globos terráqueos, identificando polos, eixe e hemisferios.
- Localiza distintos puntos na Terra empregando os paralelos e meridianos e as coordenadas xeográficas.
- Identifica distintos tipos de mapas e interpreta a escala e os seus signos convencionais..
- Define tempo atmosférico, identifica os distintos instrumentos de medida de datos atmosféricos, fai medicións e confecciona e interpreta gráficos sinxelos de temperaturas e precipitacións.
- Interpreta e elabora sinxelos mapas meteorolóxicos.
- Define Hidrosfera e identifica e nomea as grandes masas e cursos de auga.
- Diferencia cuncas e vertentes hidrográficas.
- Identifica e nomea os tramos dun río e as súas características.
- Identifica e explica a composición das rochas nomeando algún dos seus tipos, explica a diferenza entre rochas e minerais e coñece algúns usos dos mesmos.
- Localiza e sitúa nun mapa as principais unidades de relevo en Galicia, así como os mares, océanos e os grandes ríos de Galicia.
- Explica as consecuencias negativas que a acción humana ten sobre o medio máis próximo.
- Identifica as principais institucións de Galicia e do Estado Español e a división de poderes do mesmo.
- Explica a organización territorial de España e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas.
- Define demografía e os seus principais conceptos e represéntaos en gráficos sinxelos.
- Coñece , utiliza e respecta as normas básicas de circulación.
- Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico e sitúa nunha liña de tempo feitos fundamentais da Prehistoria e da Historia de España.
- Distingue entre Prehistoria e Historia recoñecendo a escritura como a transición entre elas, así como o descubrimento da agricultura e gandería.
- Describe as características básicas da Idade Antiga, en especial da romanización.
- Valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico do contorno.

EDUCACIÓN FÍSICA

- Utiliza a roupa, calzado e os materiais axeitados para a realización da actividade física.
- Interioriza a mobilidade do corpo en posicións e situacións diferentes e de crecente dificultade.
- Consolida hábitos de hixiene corporal e postural, alimentarios e de exercicio físico practicado de xeito regular e seguro.
- Consolida a lateralidade.
- Mellora o seu nivel de habilidades motrices básicas, combinándoas de xeito cada vez máis eficaz e espontáneo para resolver problemas motores.
- Adecúa o movemento ao espazo e ao tempo, individual e colectivamente.
- Desenvolve a coordinación oculo manual e óculo pédica.
- Mantense en equilibrio estático e dinámico en diferentes situacións e superficies.
- Participa activamente en actividades físicas diversas (artístico-expresivas, populares e tradicionais, na natureza, de cooperación, de oposición, etc).
- Aмосa una actitude respectuosa cara aos demais, ao material e aos espazos, evitando os comportamentos agresivos e valorando o esforzo persoal por enriba dos resultados obtidos.

RELIXIÓN

- Lembra e acepta situacións persoais ou sociais que necesitan de perdón.
- Sitúa no relato as frases que expresan a falta de colaboración na tarefa de Deus e o rexeitamento da amizade con El, e aplícaas a situacións actuais.
- Descubre e enumera as características do perdón de Deus nalgúns relatos bíblicos.
- Analiza, comenta e crea relatos onde actualiza as parábolas do fillo pródigo e do fariseo e o publicano.
- Busca, subliña e comenta trazos da preferencia de Xesús polos máis necesitados e os enfermos nos textos evanxélicos.
- Secuencia ordenadamente escenas da Historia da Paixón e identifica as palabras de Xesús que expresan a súa relación co Pai.
- Coñece e explica as condicións para acoller o perdón de Deus.
Vincula símbolos, significados e momentos na celebración eucarística.

EDUCACIÓN ARTÍSTICA

PLÁSTICA

- Respecta as normas, as ideas e os traballos propios e dos demais.
- Crea imaxes para textos dados, elabora carteis...
- Observa e clasifica texturas e tonalidades de formas naturais e artificiais exploradas desde diferentes ángulos e posicións.
- Clasifica texturas, formas e cores atendendo a criterios de similitude ou diferenza, nas composicións artísticas.
- Amona interese por coñecer formas de expresión de autores/as e a súa obra, empregando as TICs e relaciona artistas coas obras máis representativas.
- Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas.
- Manexa lapis de cores, témperas, rotuladores, acuarelas... para a composición de obras.
- Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas.
- Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas.
- Completa figuras seguindo as liñas como guía.
- Combina técnicas de picado, encartado e pegado e usa a técnica de collage con, con limpeza.
- Fai composicións correctamente a partir do eixe de simetría e crea imaxes tridimensionais co recorte e o pegado.
- Debuxa a figura humana coas proporcións axeitadas.

MÚSICA

- Indaga nas posibilidades do son e coñece exemplos musicais variados da nosa e doutras culturas.
- Identifica e describe as calidades do son.
- Distingue e clasifica tipos de voces e instrumentos e algunhas das súas respectivas agrupacións.
- Coñece e identifica as principais familias de instrumentos da nosa e doutras culturas amosando interese por eles.
- Utiliza recursos gráficos, rexistros e aplicacións informáticas para a análise e a produción musical.
- Interpreta un repertorio básico de estruturas musicais e de cancións en solitario ou en grupo mediante a voz ou/e os instrumentos valorando o traballo feito e propoñendo accións de mellora.
- Interpreta un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.

LINGUA ESTRANXEIRA

- Utiliza as normas de cortesía: saúdos, dar as grazas e pedir por favor.
- Segue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e a súa vida cotiá.
- Identifica e comprende a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares e procedentes de diversos medios de comunicación e da internet.
- Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais sobre temas do seu interese ou persoas, animais, obxectos e lugares da súa contorna inmediata.
- Comprende e escribe frases simples relacionadas cos temas traballados e pequenos e pequenos textos organizados con coherencia e respectando as convencións ortográficas e signos de puntuación en situacións de relación interpersonal ou social (invitacións, notas, avisos, formularios, diálogos, descrições...)
- Usa axeitadamente o vocabulario básico relativo aos días da semana, tempo atmosférico, actividades de tempo libre, partes da cidade, asignaturas, hora, rutina diaria, programas de cine e televisión, animais, comidas, festividadeas, vestimentas...
- Utiliza estruturas morfosintácticas para falar sobre aspectos persoais de si mesmo, outras persoas, animais e obxectos expresando cualidades, estados de ánimo, gustos e preferencias, desexos, capacidades e habilidades, posesión, permisos, acordos, localización de obxectos, espazos, seres vivos e rutinas diarias.